

Documento de INSTRUCCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN FINAL das axudas para o fomento da contratación de persoal técnico para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (PROGRAMA PRINCIPIA) convocada pola [Resolución do 2 de xuño de 2016](#).

O artigo 25.l) da dita resolución de convocatoria establece como obriga das entidades beneficiarias a presentación da xustificación final da axuda percibida.

A dita xustificación deberá realizarse tendo en conta o previsto nas seguintes intrucións:

A. Prazo: *Catorce meses contados desde a data de contratación **do último traballador contratado** .*

Para o caso de que algún traballador fose substituído, a documentación xustificativa dos traballadores (inicial+substituto) presentárase aos 2 meses desde a data en que se complete o período de 12 meses incentivado.

B. Documentación:

- 1. Memoria final resumo das actividades de I+D+i realizadas polo persoal contratado , debendo achegarse unha por cada contrato incentivado (Anexo VIII).*
- 2. Copias das nóminas aboadas ao persoal contratado así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento.
Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.*
- 3. Copias dos boletíns de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2), ou documentación equivalente no caso de que a entidade empregue o Sistema de Liquidación Directa da Seguridade Social SILTRA.*
- 4. Impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerarase xustificado coa presentación dunha declaración dos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores incentivados, quedando as entidades obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación, unha vez se dispoñan dos mesmos.*

C. Forma de presentación:

A través de Sede Electrónica da Xunta, [carpetas de cidadán](#), no trámite común “achega documentación xustificativa”.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

A Axencia Galega de Innovación

servizos.gain@xunta.gal